

As plantas e a Escritura

3000 a.C.
Comeza a escribirse
sobre papiro

O papiro é unha planta empregada en Exipto para facer sandalias e barcos, coa que aprenderon a facer follas para escribir.

A planta do papiro medra
as beiras do Nilo



A folla de papiro faise superpoñendo tiras da medula da planta, e golpeando o conxunto cun mazo de madeira. O propio xugo da planta fará de pegamento. Logo de prensar sécase ao sol.

Exipcios, árabes e monxes medievais plasmaron ideas sobre papiro

O papiro substituíu ás táboas, pedras e pezas de cerámica: é lixeiro, rápido de escribir nel, e a súa flexibilidade permite facer rolos. Foi moi utilizado ata ben entrada a Idade Media.

s. Xe XI
Os árabes introducen
o papel en Europa

Os chinos xa inventaran o papel no século II, a partir de fibras vexetais e trapos desfeitos cun grande mazo de madeira, e empregando algas comacemantante. No ano 751, en Samarcanda, os árabes aprenden duns prisioneiros chinos a receita do papel. Esta técnica estenderase polo seu imperio ata chegar a Córdoba, no século X.

Os árabes aprenden dos chineses
a facer papel dende trapos



O papel entra en Europa pola Península.

En Santo Domingo de Silos consérvase o papel europeo máis antigo: un misal mozárabe do século X.

Os muiños papeleiros propáganse polo mediterráneo, chegando a Franza e Italia no século XIII, e a Centroeuropa a fins do século XIV.

Escritura

s. II d.C.
Exténdese o uso
do pergamino

O pergamino é unha pel
curtida e pulida.

Empégase pel de cordeiro e tenreira, e tamén cabra, gacela ou avestruz. A vitela de maior calidade, faise de tenreira recién nacida. As peles límpanse de restos de pelo e carne con baños de auga quente e cal. Con xeso absorbíase a graxa. Logo raspábanse cunha espátula e alisábanse con pedra pómez.



As cualidades do pergamino permiten encadernalo:
acaba de nacer o libro.



Pódese escribir polas dúas caras, ten unha grande duración, respecta as cores orixinais das ilustracións, e admite o emprego da pluma, dándoun mellor trazo que a cana.

Os primeiros papeis europeos fixéronse de trapos.

Trapos de algodón, liño e cáñamo, cordas e redes vellas son os materiais para elaborar o papel.

As fases son:

1. Airear e lavar os trapos.
2. Recortar en tiras.
3. Deixar molecer as fibras en auga durante varios días.
4. Golpear a pasta nun batán, un mazo hidráulico.
5. Darlle forma á pasta cos moldes.



Menos resistente que o pergamino, prohibiuse para usos oficiais.

Se ben a produción do papel é moito menos lenta e custosa que a do pergamino, tamén era moito menos resistente, polo que non se aceptaba para documentos importantes. A partir da imprenta, o uso do papel farase universal.